

N. Expediente: 416/2026
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Documento: Resolución
Asunto: CONTRATACIÓN DE MONITOR/A DEPORTIVO/A POR VACANTE

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Resultando que por esta Alcaldía ordenouse a incoación de expediente para a convocatoria dun procedemento de selección mediante concurso dunha praza de monitor/a deportivo/a do Concello de Meis, con carácter de laboral temporal por vacante (por falecemento da traballadora titular da praza) e formación de bolsa de emprego.

Considerando que por Resolución de Alcaldía 2026-0175, do 24/03/2025, aprobáronse as bases que regulan o procedemento de selección mediante concurso dunha praza de monitor/a deportivo/a, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con carácter temporal por vacante, remitindo anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) para a súa publicación.

Considerando que o Tribunal cualificador emitiu proposta de aprobación dos resultados definitivos do proceso selectivo o 24 de abril de 2026, por orde de puntuación:

APELIDOS E NOME	DNI	(1)	(2)	(3)	TOTAL PUNTOS CONCURSO
COSTA MACIAS IÑIGO	***2468**	79,00	10,00	9,00	98,00
TABOADA GARCIA JAVIER	***0821**	58,50	10,00	10,00	78,50
DOVAL BLANCO JUAN MIGUEL	***6461**	43,50	10,00	10,00	63,50
MORAL CASTRO MARINA	***0065**	7,00	10,00	5,60	22,60
MONTECELO MAHIA CRISTIAN	***8631**	4,50	10,00	0,20	14,70

Visto que o candidato IÑIGO COSTA MACÍAS achegou no prazo establecido nas bases de selección a documentación preceptiva para ser contratado (documentación presentada de maneira presencial).

Consonte co disposto nos artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 41.14.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que atribúe a esta Alcaldía a competencia para contratar ao persoal laboral da Corporación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Proceder á contratación, como persoal laboral temporal, con código de contrato 410, para cubrir praza vacante, de Don IÑIGO COSTA MACÍAS, con NIF número **3246***, na categoría profesional de Monitor Deportivo, a tempo completo



(37,5 horas/semana), ata a cobertura definitiva da praza, iniciándose a relación laboral o luns 4 de maio de 2026, advertindo que o contrato a formalizar incluíra a superación dun período de proba de 2 meses durante os cales observarase o desempeño do traballador seleccionado, podendo durante esta fase proceder á extinción da relación contractual como consecuencia dunha valoración insatisfactoria do desempeño do traballador.

Esta contratación será financiada con cargo a fondos propios do orzamento municipal para o ano 2026.

SEGUNDO.- Dispoñer a publicación da presente Resolución no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa–Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións. n na vindeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

